

## Promoción interna a técnico de administración xeral (A1)

Código	Duración	Prazas/edición
718	90 horas	25

### Obxectivos:

Preparar os asistentes para o test e o suposto práctico, probas das que constará o proceso de promoción interna.

A asistencia a esta acción formativa será voluntaria e non dará dereito a certificado de ter recibido o curso.

### Destinatarios/as:

Persoal da Deputación da Coruña que, segundo as bases, reúna os requisitos para participar neste proceso de promoción interna

### Contidos:

- Tema 1.- A Constitución Española de 1978: Estrutura. Especial referencia aos dereitos fundamentais e liberdades públicas
- Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia. Estrutura e contido. Especial referencia ao goberno da Comunidade Autónoma
- Tema 3.- Organización territorial do Estado na Constitución: Ideas xerais da administración central, autonómica e local
- Tema 4.- Réxime local español: clases de entidades locais. O municipio. Elementos: territorio e poboación. Organización municipal. Competencias dos municipios
- Tema 5.- A provincia. Organización provincial. Competencias das provincias. A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos, bandos
- Tema 6.- Lei 7/2007 do estatuto básico do empregado público: concepto e clases de empregados públicos. Dereitos individuais, dereitos individuais exercidos colectivamente. Deberes dos empregados públicos. Código de conduta
- Tema 7.- Lei 7/2007 do estatuto básico do empregado público: dereito á carreira profesional e á promoción interna. A avaliación do desempeño
- Tema 8.- Lei 7/2007 do estatuto básico do empregado público: dereitos retributivos. Acceso ao emprego público e adquisición da relación de servizo
- Tema 9.- Lei 30/2007 de contratos do sector público: disposicións xerais. Obxecto e ámbito de aplicación da lei. Contratos do sector público: delimitación dos tipos contractuais. Configuración xeral da contratación do sector público e elementos estruturais dos contratos: liberdade de pactos e contido mínimo do contrato. Perfección e forma do contrato. Réxime de invalidez
- Tema 10.- Partes no contrato: órganos de contratación. Capacidade e solvencia do empresario. Obxecto, prezo e contía do contrato. Revisión de prezos nos contratos das administracións públicas. Garantías esixibles na contratación do sector público
- Tema 11.- Preparación dos contratos: expediente de contratación. Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas. Adxudicación dos contratos das administracións públicas: normas xerais. Publicidade. Licitación. Selección do adxudicatario

- Tema 12.- Requisitos dos actos administrativos. Eficacia e efectos dos actos administrativos. Notificación e publicación. Actos administrativos: nulidade e anulabilidade. Validación
- Tema 13.- O procedemento administrativo: iniciación, ordenación e instrución. Finalización, execución e revisión
- Tema 14.- O silencio administrativo en procedementos iniciados a solicitude do interesado. Falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio. Cómputo de prazos
- Tema 15.- As reclamacións previas ao exercicio das accións civís e laborais. Recursos administrativos: principios xerais. Principios da potestade sancionadora. Principios do procedemento sancionador
- Tema 16.- A xurisdición contencioso-administrativa: concepto e natureza. Capacidade procesual, lexitimación, representación e defensa. Actos impugnables. O recurso contencioso- administrativo: procedemento xeral
- Tema 17.- Responsabilidade patrimonial da administración pública. Responsabilidade das autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas
- Tema 18.- Orzamentos xerais das corporacións locais: definición. Ámbito temporal. Contido do orzamento xeral. Anexos ao orzamento xeral. Estrutura dos estados de ingresos e gastos. Elaboración e aprobación
- Tema 19.- Especialidade e limitación dos créditos. Temporalidade dos créditos. Modificacións de créditos: clases e tramitación
- Tema 20.- Execución e liquidación do orzamento. A conta xeral: contido e tramitación
- Tema 21.- O control da xestión financeira en España: concepto, clases e competencias. A Intervención Xeral do Estado: organización e funcións.
- Tema 22.- O control interno da administración local. O control financeiro. Control externo
- Tema 23.- A Lei xeral tributaria: disposicións xerais do ordenamento tributario. Os tributos: disposicións xerais. Os obrigados tributarios. A débeda tributaria
- Tema 24.- A xestión tributaria: tributos provinciais, propios e delegados. Competencias do Pleno da Deputación en materia de xestión tributaria e competencias do presidente na ordenanza fiscal xeral da Deputación da Coruña
- Tema 25.- A contabilidade pública: réxime xurídico. Principios xerais. Competencias e funcións. Fins da contabilidade
- Tema 26.- A función directiva nas administracións públicas. O “management” público. Selección, formación e reciclaxe do directivo público
- Tema 27.- A planificación na xestión pública. Planificación estratéxica operativa. A análise de custos. A dirección por obxectivos e outras técnicas modernas de programación. A planificación dos recursos humanos na administración pública
- Tema 28.- Réxime de funcionamento das entidades locais. Información e participación cidadás. Estatuto dos membros das corporacións locais
- Tema 29.- A Comunidade Europea: Institución comunitaria e o seu funcionamento. As competencias da comunidade. O marco de atribucións concedidas polos tratados. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio
- Tema 30.- A motivación laboral: teoría, factores e técnicas. A motivación e o mando. O traballo en equipo. A negociación

**Edicións:**

Nº ed.	Sede	Datas/Horario
1	A Coruña	Setembro: 2, 4, 9, 11, 16, 18, 23, 25, 30; outubro: 2, 7, 9, 14, 16, 21, 23, 28, 30; novembro: 4, 6, 11, 13, 18, 20, 25, 27; decembro: 2, 4, 9 e 11, de 17:00 a 20:00 h